



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE, A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO MULTIFUNCIONAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG núm. 82, do 30.04.1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e o Concello de Sanxenxo para o financiamento da construción dun edificio público multifuncional.

I.- MARCO COMPETENCIAL E HABILITACIÓN NORMATIVA

1.2. Competencias da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude é o órgano encargado de exercer as competencias para o fomento da cultura en Galicia atribuídas á nosa comunidade autónoma polo artigo 27.19 do Estatuto de autonomía de Galicia, segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, atribúe á Dirección Xeral de Cultura o exercicio das competencias en materia de bibliotecas, arquivos e promoción do libro e da lectura, orientadas a garantir o acceso da cidadanía á cultura, ao coñecemento e á información.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve políticas dirixidas ao fortalecemento da rede de bibliotecas públicas e á promoción da lectura como instrumentos fundamentais de acceso á cultura, á información e ao coñecemento, favorecendo a creación de espazos públicos que contribúan á cohesión social, á igualdade de oportunidades e á vertebración territorial.

1.2. Competencias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia en relación co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, establece que á Dirección Xeral de Comercio e Consumo lle corresponde a planificación, coordinación e control das competencias da Consellería en materia de comercio interior, incluíndo, entre outras funcións, a promoción, modernización e fortalecemento do comercio de proximidade, así como a programación e xestión de medidas de apoio aos equipamentos comerciais.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2025, aprobou o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, que contempla no seu Eixe 2 "Dinamización e





visibilidade do comercio" a Medida 2.5 orientada especificamente a "Impulsar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia".

A Rede de Mercados Excelentes de Galicia ten como finalidade modernizar e consolidar estes equipamentos, garantindo que respondan ás novas necesidades de comerciantes e consumidores sen perder a súa identidade tradicional. Neste contexto, o impulso da Rede de Mercados Excelentes é fundamental para destacar os mercados e prazas como eixos e motores do comercio de proximidade. A posta en valor destes espazos contribúe a mellorar a accesibilidade, avanzar na dixitalización, incrementar e cualificar os servizos á clientela e potenciar o produto galego de calidade, asociado a valores como a sustentabilidade, a protección ambiental, o trato personalizado e o compromiso social.

En desenvolvemento deste marco aprobouse a Orde do 12 de decembro de 2025 (DOG núm. 6, do 12.01.2026), pola que se regula o procedemento para a obtención e renovación do selo Mercado Excelente.

1.3. Competencias do Concello de Sanxenxo

O concello de Sanxenxo en uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

No exercicio destas competencias, o Concello asume un compromiso financeiro extraordinario, aportando o 53,6% do investimento total previsto, porcentaxe moi superior á habitual en proxectos municipais desta natureza. Esta achega evidencia unha aposta estratéxica clara por dotar ao municipio dun equipamento público de alto impacto cultural, comercial e social.

II.- MARCO ESTRATÉXICO E PLANIFICACIÓN SECTORIAL

No ámbito cultural, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve políticas dirixidas ao fortalecemento da rede de bibliotecas públicas e á promoción da lectura como instrumentos fundamentais de acceso á cultura, á información e ao coñecemento, favorecendo a creación de espazos públicos que contribúan á cohesión social, á igualdade de oportunidades e á vertebración territorial.

No ámbito comercial, a Xunta de Galicia desenvolve unha planificación estratéxica orientada á modernización dos mercados municipais e á dinamización do comercio de proximidade. Neste marco, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2025, aprobou o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, que contempla no seu Eixe 2 "Dinamización e visibilidade do comercio" a Medida 2.5 orientada especificamente a "Impulsar a Rede de Mercados Excelentes de Galicia". A actuación inscríbese plenamente no Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, instrumento de planificación que establece as liñas de actuación orientadas a incrementar a competitividade do comercio galego mediante a modernización, a innovación, a sustentabilidade e a dinamización da actividade comercial.

En consonancia con esta orientación estratéxica, aprobouse por Orde do 12 de decembro de 2025 (DOG núm. 6, do 12.01.2026), o procedemento para a obtención e renovación do selo de Mercado Excelente.

Neste contexto, a construción dun edificio multifuncional que integra unha biblioteca pública municipal e unha praza de abastos responde de maneira conxunta aos obxectivos estratéxicos das dúas consellerías asinantes, ao combinar nun único equipamento actuacións





de promoción cultural e de dinamización do comercio de proximidade, optimizando os recursos públicos e reforzando o impacto económico e social da intervención.

III. NECESIDADE DE ACTUACIÓN

A praza de abastos de Sanxenxo presenta unha situación de deterioro funcional, comercial e urbanística que afecta negativamente á súa capacidade de atracción e ao nivel de satisfacción de usuarios, visitantes e turistas. O equipamento, construído en 1950, non foi obxecto de intervencións de modernización nin de adaptación ás novas dinámicas de consumo, o que xerou unha perda progresiva de atractivo e utilidade.

A esta situación súmase a forte presión estacional derivada da elevada afluencia turística, que multiplica a demanda de servizos públicos e comerciais durante os meses de verán. A degradación física do edificio, a súa descontextualización respecto do contorno urbano, a transformación dos hábitos de consumo, a competencia das superficies comerciais e a escaseza de prazas de aparcamento próximas contribúen á diminución da actividade comercial e da afluencia de compradores.

Co obxectivo de reverter esta situación, o Concello convocou un concurso de ideas para a redacción dun proxecto integral que permitise dotar Sanxenxo dun novo edificio multifuncional destinado a mercado de abastos, espazo gourmet, biblioteca, salas de lectura e estudo, dependencias municipais e aparcamento público. Unha vez determinado o alcance técnico e económico da intervención, constatouse que o investimento necesario supera a capacidade financeira municipal, facendo precisa a colaboración doutras administracións públicas para garantir a súa execución.

A proposta gañadora concíbese como unha infraestrutura tractora capaz de xerar actividade continuada, atraer visitantes, revitalizar o contorno urbano e reforzar a identidade comercial e social do municipio, ao tempo que permite absorber os picos de demanda asociados á estacionalidade turística.

A actuación responde a unha necesidade real detectada no territorio e constitúe unha infraestrutura esencial para a mellora dos servizos municipais, a dinamización económica e comercial, o acceso á cultura e a revitalización social do núcleo urbano.

IV. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E INTERESE PÚBLICO

A colaboración institucional resulta xustificada á vista de diversos aspectos que reforzan a oportunidade e o interese público da actuación.

En primeiro lugar, o concello acredita un compromiso financeiro extraordinario, ao asumir unha achega municipal equivalente ao 53,6 % do investimento total previsto. Este esforzo financeiro evidencia unha firme vontade institucional e unha aposta estratéxica pola creación dun equipamento chamado a desempeñar un papel esencial na dinamización comercial, económica, social e territorial do municipio.

En segundo lugar, presenta unha singularidade adicional derivada das características demográficas e funcionais de Sanxenxo, concello cunha marcada estacionalidade, no que a afluencia masiva de visitantes durante os meses de verán multiplica a súa poboación residente. Esta circunstancia xera unha presión extraordinaria sobre os servizos públicos





municipais e fai especialmente necesaria a creación de infraestruturas capaces de dar cobertura a este dinamismo demográfico e turístico.

Neste contexto, a construción dun edificio multifuncional constitúe unha actuación de carácter estratéxico, ao dotar o municipio dun equipamento público preparado para atender unha demanda crecente e variable de servizos, mellorar a súa capacidade de resposta ante os picos estacionais de ocupación, reforzar a cohesión social e contribuír á prestación eficiente, accesible e ordenada dos servizos públicos. Todo iso redunda nunha mellor atención á cidadanía residente e ás persoas visitantes, fortalecendo, ao mesmo tempo, a competitividade e a sustentabilidade dun dos principais destinos turísticos de Galicia. Ademais, esta actuación repercute positivamente na consolidación e dinamización do comercio de todo o concello, ao potenciar a actividade económica local, reforzar o papel da praza de abastos como motor do comercio de proximidade e favorecer a integración ordenada dos fluxos comerciais nun espazo moderno, accesible e de alta calidade.

A construción do edificio multifuncional presenta un evidente interese público de carácter local e autonómico, ao permitir concentrar nun único equipamento servizos públicos esenciais de natureza cultural e comercial, mellorando a eficiencia na utilización dos recursos públicos e a calidade dos servizos prestados á cidadanía.

A biblioteca pública municipal contribuír á garantir o acceso universal á cultura, á lectura e á información, fortalecendo a oferta cultural do municipio e converténdose nun espazo de cohesión social, inclusión, participación cidadá e redución da fenda dixital, en coherencia cos obxectivos e competencias da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Pola súa banda, a nova praza de abastos permitirá consolidar un espazo moderno e funcional para o comercio de proximidade, favorecendo a comercialización do produto galego, a mellora dos servizos ás persoas consumidoras, a competitividade do tecido comercial local e a sustentabilidade, en consonancia cos obxectivos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e cos instrumentos de planificación estratéxica aprobados pola Xunta de Galicia para o impulso da Rede de Mercados Excelentes.

En consecuencia, concorren circunstancias específicas de interese público, económico e social que xustifican a formalización do presente convenio e a concesión dunha subvención directa ao Concello de Sanxenxo, ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. OBXECTO, ORZAMENTO, FINANCIAMENTO E VIXENCIA

5.1. Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer o réxime de financiamento, concretar as actuacións subvencionables, determinar os investimentos e gastos necesarios para a execución do proxecto de da construción do edificio público multifuncional do Concello de Sanxenxo , e regular as obrigas das partes, o procedemento de xustificación e pagamento e os aspectos relativos á súa vixencia e réxime xurídico aplicable.

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións do proxecto, sempre que se realicen no período comprendido entre o no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 17 de novembro de 2027, data límite de xustificación establecida no convenio.

5.2. Orzamento e distribución do financiamento





O orzamento total das actuacións obxecto do presente convenio ascende a **cinco millóns trescentos noventa e cinco mil setecentos setenta e tres euros con corenta e un céntimos (5.395.773,41 €)**, IVE incluído.

O financiamento das actuacións realizarase mediante as achegas das administracións asinantes, cos seguintes importes:

- A consellería de Emprego, Comercio e Emigración achegará o importe de **dous millóns catrocenttos mil euros (2.400.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2026 e 2027, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.

-A consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achegará o importe de **cen mil euros (100.000,00 €)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2027.

- O concello achegará o importe restante do orzamento total, correspondente ao importe de **dous millóns oitocentos noventa e cinco mil setecentos setenta e tres euros con corenta e un céntimos (2.895.773,41)**, IVE incluído.

Calquera minoración no gasto final realizado suporá a redución proporcional das achegas das administracións intervincentes, mantendo as porcentaxes de financiamento establecidas.

As actuacións previstas no anexo do convenio desenvolveranse nas seguintes anualidades, co seguinte financiamento:

Anualidade	Importe total	Consellería Cultura, Lingua e Xuventude	Emprego, Comercio e Emigración	Concello
2026	433.211,92€	100.000,00 €	100.000,00 €	233.211,92 €
2027	4.962.561,49 €	-	2.300.000,00 €	2.662.561,49 €
TOTAL	5.395.773,41 €	100.000,00 €	2.400.000,00 €	2.895.773,41 €

Nesta subvención plurianual, entenderase que os investimentos e pagamentos que se efectúen desde a data límite de xustificación da anualidade corrente ata o final do ano corresponden á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar como xustificantes para o cobramento da devandita anualidade.

Para o reaxuste de anualidades observarase en todo o previsto no artigo 27 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.3. Marco normativo e vixencia

Todo iso realízase no marco da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como conforme á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na medida en que sexa aplicable, e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

